



# Universidade de Vigo Campus de Ourense

## Mestre en LINGUA EXTRANXEIRA

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

### MESTRE EN LINGUA EXTRANXEIRA

Os mestres son as persoas encargadas de ensinarlles e mostrarlles o mundo aos nenos que comezan a escola. É unha titulación da Área de Ciencias Sociais e Xurídicas, antes chamada Profesorado de EXB, pero desde a LRU esta titulación converteuse en sete diferentes, das que na Universidade de Vigo se dispensan seis, xa que Mestre en Audición e Linguaxe non se imparte.

Os mestres son os encargados de formar as xeracións dos futuros cidadáns, e neles recae a responsabilidade de que unha persoa non se adapte á sociedade, non saiba recoñecer os valores humanos, o que pode crear nela problemas psíquicos, polo que os mestres teñen que estar moi ben preparados para esta tarefa. E como hai amplas diferenzas entre os nenos, tamén hai diferentes especialidades nas que se preparan os mestres.

No caso do Mestre en Lingua Estranxeira forman mestres que ensinan un idioma estranxeiro e afondan nas características deste: fonética, lingüística, sintaxe e semántica.

### ESTRUTURA

Estes estudos son unha diplomatura, e como tal teñen só 1º ciclo, de tres anos de duración, e unha carga lectiva de 206 créditos. Non se esixe realizar un proxecto de fin de carreira.

### MERCADO DE TRABALLO

No ámbito docente e formativo, no que se concentra a súa actividade profesional, os mestres poden traballar en centros de ensino públicos e privados, academias, centros de educación permanente, servizos educativos en centros sanitarios, centros socioculturais, gardarías, centros de acollida etc.

No ámbito empresarial, poden realizar actividades de asesoramento en empresas de xogos, de materiais didácticos, editoriais, parques temáticos etc.

Hai que salientar que unha axeitada formación complementaria ao longo da carreira e a formación continua e a especialización unha vez rematados os estudos, facilitan significativamente as posibilidades de atopar traballo.

### ACCESO

A estes estudos pódese acceder desde:

- Todas as opcións de COU
- Todas as modalidades do bacharelato LOXSE
- FP2 nas ramas:
  - Administrativa e Comercial (A-U)
  - Sanitaria (A-H e I)
  - Servizos á Comunidade (todas as esp.)
  - M. prof. de nivel III das ramas:
    - Administrativa e Comercial (A-L e M)
    - Sanitaria (todas as esp.)
    - Servizos á Comunidade (A e B)
  - C. form. de grao superior das ramas
  - Actividades Físicas e Deportivas, Administración (todas as esp.)
  - Comercio e Mercadotecnia (todas as esp.)
  - Informática (todas as esp.)
  - Sanitaria (A e B-J)
  - Servizos Socioculturais e á Comunidade (A, B e C-D)
  - Artes Plásticas e Deseño (OA, OB, OC e OD)

### PASARELAS

Desde esta titulación pódese acceder directamente a:

- Primeiro ciclo de calquera outra titulación
  - Licenciatura en Antropoloxía Social e Cultural
- Desde esta titulación pódese acceder, mediante complementos de formación, a:
- 2º ciclo de Pedagogía
  - Licenciatura en Psicopedagogía
  - Licenciatura en Comunicación Audiovisual
  - Licenciatura en Documentación
  - Licenciatura en Historia e Ciencias da Música
  - Licenciatura en Humanidades
  - Licenciatura en Lingüística
  - Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas
  - Licenciatura en Teoría da Literatura e Literatura Comparada
  - Licenciatura en Tradución e Interpretación
  - Licenciatura en Xornalismo

## PRIMEIRO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Didáctica xeral	T	9
Psicoloxía da educación e do desenvolvemento en idade escolar	T	9
Lingua estranxeira I (inglés ou francés)	T	7.5
Lingüística	T	4.5
Teoría e institucións contemporáneas da educación	T	4.5
Fonética (inglés ou francés)	T	4.5
Educación física e a súa didáctica	T	4.5
Socioloxía da educación	T	4.5
Lingua e literatura española	T	4.5
Lingüística aplicada á lingua estranxeira (inglés ou francés)	O	4.5

## SEGUNDO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Lingua estranxeira II (inglés ou francés)	T	4.5
Coñecemento do medio natural, social e cultural	T	4.5
Matemáticas e a súa didáctica	T	9
Didáctica da lingua estranxeira (inglés ou francés)	T	4.5
Bases pedagóxicas da educación especial	T	4.5
Bases psicolóxicas da educación especial	T	4.5
Novas tecnoloxías aplicadas á educación	T	6
Organización do centro escolar	T	6
Didáctica da lingua e literatura española	T	6
Lingua e literatura galega	T	4.5
Educación artística e a súa didáctica	O	4.5
Materias de libre elección	LE	12

## TERCEIRO CURSO

Disciplinas	Tipo	Créditos
Lingua estranxeira III	T	6
Didáctica da lingua e literatura galega	T	4.5
Prácticum	T	32
Situacións de comunicación na lingua estranxeira	O	4.5
Optativa 1	OP	6
Optativa 2	OP	6
Optativa 3	OP	6
Materias de libre elección	LE	9

## OPTATIVAS E DE LIBRE ELECCIÓN

Disciplinas	Tipo	Créditos
A mensaxe cristiá: cristoloxía	OP	6
Ingles a través da literatura infantil	OP	6
Introdución ás alteracións da linguaxe oral	OP	6
Linguaxe musical	OP	6
O francés a través dos medios audiovisuais	OP	6
O inglés a través dos medios audiovisuais	OP	6

Os créditos que o alumno debe facer de materias optativas escolleraos dentro das materias que se ofrecen para a súa propia especial idade.

Os créditos que o alumno debe facer de materias de libre elección escol leraos das materias optativas ofrecidas para as demais especial idades, ademais das materias de libre elección de campus e de titulación que se ofrecen para cada curso académico.

- T** Troncal                      **OX** Optativa xeral  
**O** Obrigatoria                **LE** Libre elección  
**OP** Optativa obrigatoria

### Ficha

Titulación	Mestre en lingua estranxeira
Centro	Facultade de ciencias da educación de Ourense Primeiro ciclo
Ensinanzas	3
Nº de anos académicos	00/01
Curso de implantación	22/08/00
Data do B.O.E.	

### Créditos totais

Troncais	Obrigatorios	Optativos	Libre config.	Trab. fin. carr.	Totais
155	12	18	21	Non	206

### Información

Facultade de ciencias da educación  
Campus universitario As Lagoas s/n  
32004 Ourense  
Tfno: 988 387 100 Fax: 988 387 159  
Correo electrónico: [sdexbo@uvigo.es](mailto:sdexbo@uvigo.es)  
<http://webs.uvigo.es/educacion-ou/>

### Servizo de Extensión Universitaria. Sección de información (SIOPE)

Edificio Miralles - Praza de Enric Miralles  
Campus de Vigo  
36310 Vigo (Pontevedra)  
Tfno. 986 813 630/ 755 Fax. 986 813 639  
Correo electrónico: [siope@uvigo.es](mailto:siope@uvigo.es)  
[www.uvigo.es](http://www.uvigo.es)